

PREGUNTA DE AER SOBRE SERVICIO DE EMERXENCIAS DE REDONDELA

PLENO 26 XANEIRO 2012. ACTA 1/2012

Señor Alcalde, o equipo de goberno comunicounos que antes de fin de ano habería unha proposta firme pra solucionar o problema que ten o Servizo de Emerxencias en Redondela.

Estamos a 29 de decembro, e que saibamos non deron ningunha información ao respecto. Por outra banda, esta corporación chegou no pasado mes a un acordo plenario pra poder solventar o problema de xeito provisional mentres non teñamos unha solución definitiva. Ao que o seu voceiro argumentou que os servizos técnicos non consideran legal dito acordo.

Témolo pedido de palabra e por rexistro, e non nos facilitan estes informes que revelen a ilegalidade de tal acordo plenario.

Non podemos agardar pasivos esta decisión política en concreto, xa que a realidade é que seguen ocorrendo desgrazas que poden custar a vida de persoas.

Por todo o exposto PREGUNTAMOS:

Son conscientes tanto vostedes como os servizos técnicos do Concello de que en cada accidente que ocorre en Redondela e ao que non acude ningún profesional do Servizo de Emerxencias, o Concello está a incorrer nunha ilegalidade non prestando aos cidadáns un servizo que por lei nos corresponde?

RESPOSTA

O concelleiro González Barbeito di que son conscientes e traballan na búsqueda dunha solución e por iso lle entrega un escrito da Xunta de Galicia no que se amosa dita preocupación á espera dunha pronta solución.